

Lei 8/1993, do 23 de xuño, reguladora da Administración hidráulica de Galicia

Tramitación parlamentaria:

Proxecto de lei, BOPG núm. 155, do 13.6.1991.

Emendas, BOPG núm. 187, do 3.10.1991.

Debate de totalidade, DSPG núm. 139, do 25.11.1992.

Informe da Ponencia, BOPG núm. 367, do 6.2.1993.

Dictame da Comisión, BOPG núm. 402, do 3.5.1993.

Mantemento de emendas e votos particulares, BOPG núm. 402, do 3.5.1993.

Debate e aprobación polo Pleno, DSPG núm. 157, do 11.5.1993.

Publicación:

Boletín Oficial do Parlamento de Galicia núm. 412, do 25.5.1993.

Diario Oficial de Galicia núm. 125, do 2.7.1993. Corrección de erros: DOG núm. 175, do 10.9.1993.

Boletín Oficial del Estado núm. 197, do 18.8.1993.

Lei 8/1993, do 23 de xuño, reguladora da Administración hidráulica de Galicia

Esta lei foi derogada pola Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia.

Galicia asumiu, no seu Estatuto de autonomía, en virtude dos diversos títulos competenciais que nel se conteñen e que se complementan entre si, as competencias en materia de augas e obras hidráulicas que lle corresponden dentro do marco prefigurado nos artigos 148 e 149 da Constitución.

Concretadas as devanditas competencias na súa vertente administrativa e aberto o camiño para o seu exercicio mediante os correspondentes reais decretos de transferencias de funcións e servicios hidráulicos do Estado á Administración autonómica, é necesario regular mediante unha lei a organización da Administración hidráulica de Galicia para o exercicio daquelas competencias que se deberán referir tanto ás augas dos recursos e aproveitamentos que discorren integramente polo territorio de Galicia coma ás obras hidráulicas que se realicen nel, coas salvidades que neste punto conteñen as leis.

A atribución da categoría de lei formal a esta primeira disposición xeral na materia non é unha cues-

tión fútil. A potestade lexislativa do Parlamento de Galicia nesta materia resulta da competencia dobremente exclusiva en obras públicas que non teñan a cualificación legal de interese xeral do Estado ou nas que a súa execución ou explotación non afecte a outra Comunidade Autónoma ou provincia (alínea 7) e en aproveitamentos hidráulicos, canles e regadíos, cando as augas discorran integramente dentro do territorio da Comunidade (alínea 12, ámbalas dúas do artigo 27 do Estatuto de autonomía), e da potestade de autoorganización dos servicios que deberán ter ó seu cargo o propio exercicio. A iso, e como argumento de igual, se non maior transcendencia, haille que engadilo feito de que o contido de varios dos preceptos fundamentais que nela se conteñen demanda, de acordo coa lexislación propia de Galicia xa vixente, a súa regulación mediante unha disposición emanada do Parlamento.

Así, a creación dun organismo autónomo da Comunidade e a regulación do seu réxime xeral de

funcionamento, a creación dunha empresa pública como ente especial da Administración hidráulica, a afectación a fins determinados das exaccións e dos ingresos públicos derivados do réxime económico-financieiro do dominio público hidráulico, a modificación que se efectúa do réxime xeral de competencia en materia de recursos administrativos, así como a creación dun canon de saneamento como novo tributo da Comunidade Autónoma de Galicia son, entre outras, decisións nas que a adopción e a regulación da súa ulterior execución naqueles aspectos considerados básicos está reservada a unha norma con categoría de lei formal.

Dentro da súa ampla liberdade de decisión no momento de organizar a Administración hidráulica, existen diversas prescricións que o Tribunal Constitucional cualificou como normas básicas do réxime xurídico das administracións públicas en materia hidráulica que a lei se viu na necesidade de recoller.

Tales son a aplicación dos principios establecidos no artigo 13 da Lei 29/1985, de augas, ós que se declara expreso sometemento no artigo 3, ou o mantemento dunha porcentaxe mínima de participación dos usuarios nos órganos colexiados da Administración hidráulica de Galicia, co fin de garanti-lo carácter representativo dos ditos órganos colexiados, a través dos que se plasma o principio de participación establecido no artigo cita-

do na Lei estatal de augas.

Xunto a estas prescricións, existen outras derivadas da existencia na Comunidade de Galicia de augas que discorren integramente polo seu territorio ou intracomunitarias e de augas que discorren ademais por outras comunidades autónomas (intercomunitarias) ou estados (internacionais), realidade física da que xa a Constitución e o Estatuto de autonomía extraeron como consecuencia xurídica o diverso exercicio de competencias que sobre unhas e outras augas pode corresponderlle á Comunidade Autónoma. Esta distinción foi oportunamente recollida na lei, á vez desde o respecto ó principio de unidade da conca hidrográfica, que se proclama tamén expresamente, e desde a defensa das competencias que por outros títulos lle corresponde exercer a Galicia, mesmo nas concas intercomunitarias.

De acordo cos devanditos principios e prescricións, a Administración hidráulica de Galicia estrutúrase segundo un dobre criterio de especialización e de dirección única, co que se pretende conseguila boa orde no uso e no aproveitamento do dominio público hidráulico, xunto á máxima eficacia administrativa nas actuacións de execución das obras ou de prestación dos servizos que deberán permitir ou facilitala consecución daquela primeira finalidade.

Dentro do antedito esquema organizativo, o ente autónomo hidráulico Augas de Galicia aparece como un elemento central, tanto desde a perspectiva da actuación administrativa coma da participación dos usuarios da auga na adopción das decisións que os afecta. A institucionalización dos servicios hidráulicos, que ten o seu referente máis inmediato nas confederacións hidrográficas da Lei de augas e tamén en figuras semellantes doutras comunidades autónomas, é froito da técnica de descentralización das distintas funcións que comprende a administración das augas e que resulta das recomendacións dos organismos internacionais que teñen a súa plasmación no dereito de augas comparado. Créase, polo tanto, o ente autónomo Augas de Galicia como organismo de carácter administrativo integrante da Administración institucional da Comunidade Autónoma e adscrito á Consellería de Ordenación do Territorio e Obras Públicas, que incorpora nos seus órganos colexiados de decisións e de xestión unha representación destacable dos distintos usuarios da auga en función da súa importancia respectiva. O dito organismo concentra, coas excepcións que resultan da propia lei, tanto as funcións de programación de obras coma ás de política das augas e dos seus leitos, englobadas na noción máis ampla de administración do dominio público hidráulico. Unhas e outras funcións prevese que sexan

en boa medida exercidas por órganos territoriais do propio ente, co fin de aproxima-la xestión ós administrados, segundo o principio de desconcentración.

O criterio da especialización aparece de novo na lei, coa creación da denominada Empresa Pública de Obras e Servicios Hidráulicos como entidade de dereito público da Administración autonómica, que adecuará a súa actividade, a prol dunha maior eficacia na consecución das finalidades que se lle asignen, ó ordenamento xurídico privado. Esta empresa inscríbese no sector da Administración hidráulica de Galicia e terá que facerlles fronte, dun xeito máis inmediato, ás demandas de servicios e infraestructuras dos principais destinatarios, como usuarios actuais e futuros, dos recursos hidráulicos de Galicia (abastecementos, usos industriais, etc.), así como levar a cabo as actuacións da evacuación e tratamento das augas residuais que se fixen na planificación aprobada.

Como contrapunto ó anterior, a lei prevé tamén unha importante intervención dos órganos centrais da Administración autonómica —pertencentes á Consellería de Ordenación do Territorio e Obras Públicas— coa misión de coordinar e imprimirlles unidade ós diversos entes especializados da Administración hidráulica, co fin de conseguirla máxima eficacia na súa actuación. Así mesmo,

contéñense diversos preceptos dirixidos a outras administracións públicas do territorio de Galicia, desde a súa consideración de usuarios de augas públicas ou de titulares de vertidos, que deberán axustar a actuación nunha e noutra posición ós mandatos da lexislación de augas e ás prescricións que, de acordo con aqueles, emanen da Administración.

Na parte final da lei créase un canon de saneamento dirixido a xerar recursos para afrontar gastos de explotación e investimentos en instalacións de saneamento de augas residuais do territorio de Galicia. O canon fíxase en función do grao de contaminación producida e de acordo cos criterios que informan a normativa das Comunidades Europeas na materia. En particular, a exacción do canon deberá responder ó principio enunciado como «quen contamina, paga» que inspira a lexislación comparada dentro do Estado e fóra del.

Por último, as disposicións transitorias e derradeiras da lei conteñen as normas de dereito intertemporal aplicables mentres non se lles dea cumprimento ás diversas previsións de desenvolvemento normativo ou de execución administrativa que resulte da propia lei ou da lexislación xeral de augas naquilo que sexa aplicable na Comunidade Autónoma galega.

Por todo o exposto, o Parlamento de Galicia aprobou e eu, de con-

formidade co artigo 13.2 do Estatuto de Galicia e co artigo 24 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu presidente, promulgo, en nome de El-Rei, a Lei reguladora da Administración hidráulica de Galicia.

Capítulo I

Organización e competencias da Administración hidráulica

Artigo 1

A Comunidade Autónoma de Galicia exerce as súas competencias e funcións en materia de augas e obras hidráulicas a través dos órganos administrativos e entes públicos que integran a súa Administración hidráulica.

Artigo 2

1. Para os efectos desta lei, e de acordo co que nela se prevé, constitúen a Administración hidráulica de Galicia os seguintes órganos administrativos xerais:

a) O Consello da Xunta de Galicia.

b) A Consellería de Ordenación do Territorio e Obras Públicas.

2. Son entes especiais da dita Administración hidráulica:

a) O organismo autónomo Augas de Galicia.

b) A Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos.

Artigo 3

No exercicio das competencias da Comunidade Autónoma en materia de augas, a Administración hidráulica de Galicia someterase ós seguintes principios:

1.º) Unidade de xestión, tratamento integral, economía da auga, desconcentración, descentralización, coordinación, eficacia e participación dos usuarios.

2.º) Respecto da unidade da conca hidrográfica, dos sistemas hidráulicos e do ciclo hidrolóxico.

3.º) Compatibilidade da xestión pública da auga coa ordenación do territorio, a conservación e protección do medio ambiente e maila restauración da natureza.

Artigo 4

1. Correspóndelle á Administración hidráulica de Galicia:

a) A ordenación e a concesión dos recursos hidráulicos e tódalas concas comprendidas integramente dentro do territorio da Comunidade Autónoma, así como o outorgamento de autorizacións para o vertido en leitos públicos ou para a utilización ou o aproveitamento do dominio público hidráulico e a policía de augas e leitos nas ditas concas.

b) O exercicio de tódalas funcións de deslinde e defensa do dominio público hidráulico nas concas ás que se refire a alínea anterior.

c) A programación, aprobación, execución e explotación de aproveitamentos hidráulicos, incluída a súa policía, e demais obras hidráulicas que se realicen no territorio de Galicia que non sexan de interese xeral do Estado ou nas que a súa realización non afecte a outra Comunidade Autónoma, así como as que sexan delegadas polo Estado.

ch) A regulación e o outorgamento de auxilios económicos a corporacións locais, entidades ou particulares para a promoción, execución e explotación das obras e dos aproveitamentos das obras e dos aproveitamentos ós que se refire a alínea precedente de acordo coa lexislación que lles sexa aplicable.

d) A elaboración, de acordo coas normas propias de redacción e tramitación, do Plan hidrolóxico das concas hidrográficas comprendidas integramente no territorio de Galicia, así como a participación na elaboración e tramitación dos plans hidrolóxicos a cargo do Estado que afecten as concas hidrográficas das que forme parte o territorio de Galicia.

e) A adopción das medidas excepcionais nos supostos ós que se refire o artigo 56 da Lei de augas e dentro do ámbito da competencia da Comunidade Autónoma de Galicia.

f) En xeral, o cumprimento de tódalas funcións que derivan da Lei de augas e das que lle sexan

delegadas polo Estado, co exercicio das facultades e atribucións pertinentes.

2. En particular, o Consello da Xunta de Galicia e, se é o caso, o conselleiro de Ordenación do Territorio e Obras Públicas exercerán a potestade regulamentaria de desenvolvemento da lexislación estatal de augas, no ámbito das competencias da Comunidade Autónoma, e da lexislación que dicte o Parlamento de Galicia no exercicio das súas competencias en materia de augas e obras hidráulicas.

Artigo 5

Para os efectos do disposto nesta lei, son concas hidrográficas comprendidas integramente dentro do territorio de Galicia tódalas existentes dentro do ámbito territorial da Comunidade Autónoma, agás as correspondentes ós ríos Miño, Eo, Navia, Limia e Douro norte.

Artigo 6

1. O Consello da Xunta de Galicia establecerá a división do territorio de Galicia en demarcacións hidrográficas para a prestación dos servizos hidráulicos de competencia autonómica e que constituirán, así mesmo, ámbitos de representación dos usuarios nos órganos colexiados da Administración hidráulica.

2. En cada demarcación hidrográfica poderá existir un servizo territorial do organismo autónomo Augas de Galicia, que

exercerá as funcións que regulamentariamente se determinen.

Capítulo II

O organismo autónomo Augas de Galicia

Sección 1.^a

Disposicións xerais

Artigo 7

1. Augas de Galicia é un organismo autónomo de carácter administrativo, adscrito á Consellería de Ordenación do Territorio e Obras Públicas e dotado de plena autonomía para o cumprimento das funcións que esta lei lle asigna, coa participación nos seus órganos colexiados dos usuarios.

2. Dentro da competencia da Administración autonómica, correspóndelle ó ente autónomo Augas de Galicia:

a) A elaboración, o seguimento e a revisión dos plans hidrolóxicos.

b) A administración e o control do dominio público hidráulico.

c) A administración e o control dos aproveitamentos hidráulicos.

ch) O proxecto, a construción e a explotación de obras hidráulicas.

d) O exercicio de calquera outra función que lle sexa atribuída polo Consello da Xunta de Galicia.

Artigo 8

O ente autónomo Augas de Galicia, como entidade de dereito público, ten personalidade xurídica e patrimonio propios e plena capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins, de acordo con esta lei e coa lexislación xeral sobre entidades autónomas que lle é aplicable. En consecuencia, pode adquirir, posuír, reivindicar, permutar, gravar ou allear calquera tipo de bens do seu patrimonio, concertar créditos, celebrar contratos, contratar e explotar obras e servizos, obrigarse, interpoñer recursos e exercita-las accións previstas polas leis. Os seus actos e resolucións esgotan a vía administrativa, con excepción do previsto nesta lei.

Artigo 9

O conselleiro de Ordenación do Territorio e Obras Públicas exercerá as atribucións derivadas da relación orgánica e funcional de adscrición da entidade autónoma.

Artigo 10

1. O goberno e a administración do ente autónomo Augas de Galicia están a cargo dos órganos seguintes:

- a) O presidente do organismo.
- b) A Xunta de Goberno.

2. Son órganos de xestión en réxime de participación as xuntas de explotación e as comisións de desencoro.

3. A constitución de órganos de planificación, a súa composición e funcionamento estableceranse regulamentariamente.

Sección 2.^a

Órganos directivos

Artigo 11

1. O presidente de Augas de Galicia é o director xeral competente en materia de obras hidráulicas.

2. O presidente ostenta a representación legal do organismo, autoriza as accións e os recursos que lle corresponde na defensa dos seus dereitos e exerce as súas funcións directivas e executivas.

Artigo 12

Son atribucións do presidente:

a) Outorga-las autorizacións e concesións relativas ó uso e aproveitamento do dominio público hidráulico e tamén as referentes ó réxime de policía das augas e dos seus leitos e dos aproveitamentos hidráulicos de competencia da Xunta de Galicia.

b) Aprobar definitivamente os proxectos de obras e instalacións e decidi-la prestación de servizos polo ente autónomo Augas de Galicia.

c) Exerce-la dirección superior dos servizos do organismo.

ch) Elabora-lo anteproxecto dos presupostos do organismo.

d) Autoriza-los gastos e ordena-los pagamentos dentro dos créditos aprobados.

e) Aplica-lo réxime económico-financieiro de utilización do dominio público hidráulico.

f) Propoñe-lo nomeamento dos titulares das unidades administrativas citadas no artigo 21.

g) Presidi-la Xunta de Goberno, sen prexuízo do disposto no artigo 13.a), e os órganos colexiados de xestión que se constitúan.

h) Resolve-los recursos administrativos da súa competencia.

i) Coñecer tódolos asuntos que non estean atribuídos á competencia doutro órgano da entidade.

j) Coidar de que os acordos dos órganos colexiados se axusten á legalidade vixente.

Artigo 13

1. A Xunta de Goberno do ente autónomo Augas de Galicia estará integrada por:

a) O presidente, que será o do propio organismo.

b) O vicepresidente, elixido polos vocais da Xunta de Goberno do ente autónomo que representen ós usuarios da auga.

c) En representación da Administración da Xunta de Galicia:

— Tres vocais designados pola Consellería de Ordenación do Territorio e Obras Públicas.

— Un vocal por cada unha das consellerías da Presidencia e Administración Pública, de Economía e Facenda, de Industria e Comercio, de Agricultura, Gandería e Montes, de Sanidade e de Pesca, Marisqueo e Acuicultura.

ch) A representación dos distintos tipos de uso, que será proporcional á importancia dos respectivos aproveitamentos no territorio de Galicia. En todo caso haberá, polo menos, un vocal representante por cada un dos usos de abastecemento de auga e de produción de enerxía hidroeléctrica.

d) O Consello da Xunta de Galicia pode designar ata dez vocais máis, en representación doutros intereses e usos relacionados coa política hidráulica.

2. En calquera caso, a representación dos usuarios, incluído o vicepresidente, debe significar polo menos un tercio do total dos membros da Xunta.

Artigo 14

A designación dos representantes dos usuarios efectuarase de acordo co procedemento que se estableza regulamentariamente, que deberá axustarse ás determinacións contidas no artigo 13, puntos 1.ch) e 2. O dito procedemento fixará o número de vocais que se designarán en cada unha das demarcacións hidrográficas que se delimiten no desenvolvemento do previsto nesta lei.

Artigo 15

Correspóndelle á Xunta de Goberno:

a) Propoñe-las plans de actuación do organismo.

b) Elevarlle ó Consello da Xunta de Galicia, a través da Consellería de Ordenación do Territorio e Obras Públicas, o plan hidrolóxico das concas internas e as súas posteriores revisións.

c) Eleva-lo anteproxecto dos presupostos do organismo.

ch) Emitir informe sobre os proxectos de concertación de operacións de crédito.

d) Adoptar, de conformidade coa normativa vixente, os acordos relativos a actos de disposición sobre bens do patrimonio do ente autónomo, así como informar e propoñer con carácter previo os actos de desafectación dos bens do dominio público hidráulico.

e) Emitir informes sobre cuestións do interese xeral en materia de augas e sobre as relativas á mellor ordenación, explotación e tutela do dominio público hidráulico, incluídas as medidas de carácter excepcional.

f) Coñece-las cuestións que lle sexan encomendadas por unha norma legal ou regulamentaria.

Artigo 16

1. A Xunta de Goberno reunira-se en pleno ou por seccións.

2. A Xunta de Goberno consta de dúas seccións permanentes:

a) Sección Galicia-costa.

b) Sección concas intercomunitarias.

A composición e as funcións das devanditas seccións fixaranse regulamentariamente, debéndose asegurar en todo caso a axeitada representación dos usuarios das concas respectivas e dos beneficiarios das obras e dos servizos que presente o ente autónomo Augas de Galicia en cada unha. Deberán fixarse, así mesmo, os asuntos que deban quedar reservados á competencia do Pleno.

3. Por acordo do Pleno da Xunta de Goberno pódense constituír seccións temporais encargadas do seguimento, o estudo ou a execución de asuntos ou cometidos determinados. O acordo de constitución deberá expresa-la composición e o procedemento de actuación da sección e o prazo de duración do seu cometido.

Artigo 17

1. Correspóndelle ó presidente da Xunta de Goberno asegurar-la regularidade das deliberacións, fixa-la orde do día, convocar, presidir, suspender e levanta-las sesións, dálle-lo visto e prace ás actas e velar polo cumprimento dos acordos.

2. O vicepresidente da Xunta de Goberno substituirá ó seu presidente no caso de vacante, ausencia ou enfermidade.

Artigo 18

O Pleno da Xunta de Goberno e as súas seccións axustarán o seu funcionamento e o réxime dos seus acordos ás normas que regulan os órganos colexiados da Administración da Xunta de Galicia.

Sección 3.^a

Órganos de xestión

Artigo 19

1. As xuntas de explotación teñen como finalidade coordinar, respectando os dereitos derivados das correspondentes concesións e autorizacións, a explotación das obras hidráulicas e dos recursos de auga daquel conxunto de ríos, tramo de río ou unidade hidroxolóxica que teñan os seus aproveitamentos especialmente interrelacionados.

2. A constitución das xuntas de explotación nas que os usuarios participarán maioritariamente en relación cos seus respectivos intereses no uso da auga e co servizo prestado á comunidade, determinarase regulamentariamente.

Artigo 20

Correspóndelles ás comisións de desencoro deliberar e formularlle propostas ó presidente do organismo sobre o réxime axeitado de chea e baleirado dos encoros, atendidos os dereitos concesionais dos distintos usuarios. A súa com-

posición e mailo seu funcionamento determinaranse regulamentariamente, atendendo ó dereito de representación axeitada dos intereses afectados.

Artigo 21

1. Directamente dependentes do presidente do ente autónomo Augas de Galicia existirán neste organismo as unidades administrativas seguintes:

a) A Secretaría Xeral.

b) O Departamento de Xestión do Dominio Público Hidráulico.

c) O Departamento de Programación e Proxectos.

d) O Departamento de Réxime Económico-Financeiro.

2. O nivel orgánico de cada unidade, a forma de nomeamento do seu titular e as funcións respectivas determinaranse, segundo corresponda, polo regulamento ou nas relacións de postos de traballo.

3. En particular, o titular da Secretaría Xeral actuará como secretario dos órganos colexiados do ente autónomo.

Sección 4.^a

Patrimonio e réxime financeiro

Artigo 22

1. O organismo autónomo Augas de Galicia posúe un patrimonio propio integrado por:

a) Os bens e dereitos que adquirira con cargo ós fondos do seu presuposto.

b) Os bens demaniais e patrimoniais que lle sexan adscritos ou cedidos.

c) Os bens do dominio público hidráulico sometidos á súa administración, logo de que fosen desafectados de acordo coas normas legais aplicables.

d) Os bens que por calquera título xurídico reciba do Estado, da Comunidade Autónoma, de entidades públicas e privadas ou dos particulares.

2. Adscribídense ó organismo autónomo Augas de Galicia os bens e dereitos transferidos polo Estado á Comunidade Autónoma afectos ó servizo público que presta o dito organismo.

Artigo 23

1. Os bens da Comunidade Autónoma adscritos ou cedidos ó ente autónomo Augas de Galicia para o cumprimento dos seus fins conservan a súa titularidade e cualificación xurídica orixinarias, correspondéndolle ó dito organismo utilízalos, adminístralos e explotalos con suxeición ás disposicións legais vixentes nesta materia.

2. Aplicaranse as disposicións da lexislación do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia en todo o que se refire ó réxime xurídico dos bens e dereitos

patrimoniais ou demaniais que lle sexan cedidos, adscritos ou incorporados ó patrimonio do organismo.

Artigo 24

O organismo autónomo Augas de Galicia poderá cederlles ás corporacións locais e mancomunidades de municipios interesados o uso, a explotación ou a titularidade das obras e instalacións afectadas a servizos de competencia local que fosen executadas total ou parcialmente con cargo ó seu presuposto.

Artigo 25

1. Terán a consideración de ingresos do organismo autónomo Augas de Galicia:

a) Os produtos e as rendas do seu patrimonio e os da explotación das obras propias ou das que lle sexan encomendadas pola Comunidade Autónoma, o Estado, as corporacións locais ou os particulares.

b) As remuneracións procedentes da prestación de servizos facultativos e técnicos e polo estudo e redacción de proxectos e mais pola redacción e execución de obras que lle encomende calquera das persoas ou entidades citadas na alínea anterior.

c) As asignacións presupostarias da Xunta de Galicia, dos seus organismos autónomos e empresas públicas e, se é o caso, as do Estado e das corporacións locais.

ch) Os ingresos procedentes da recadación de taxas, exaccións e prezos autorizados ó organismo.

d) As indemnizacións establecidas como compensación de danos e perdas ó dominio público hidráulico que administra o ente autónomo ou ós seus bens propios ou adscritos.

e) O produto das achegas a cargo dos usuarios para obras ou actuacións específicas e tamén calquera outra percepción autorizada por disposición legal.

2. O importe dos devanditos ingresos, así como o derivado das sancións impostas por infraccións ó réxime de policía de augas, integranse na facenda do organismo e quedarán afectados ó cumprimento dos seus fins propios.

Artigo 26

1. O ente autónomo Augas de Galicia xestionará as taxas e outros ingresos esixibles dentro do ámbito do exercicio das súas competencias, axustándose á lexislación reguladora destes ingresos.

2. En particular, correspóndelle ó ente autónomo Augas de Galicia a xestión dos seguintes ingresos:

a) O canon de utilización do dominio público hidráulico conforme o establecido no artigo 104 da Lei 29/1985, do 2 de agosto, de augas.

b) O canon de saneamento regulado na presente lei, así como o canon de vertidos establecido na

Lei 29/1985, do 2 de agosto, de augas, sen prexuízo do establecido no artigo 105 punto 4 da dita lei.

c) As exaccións establecidas no artigo 106 da Lei 29/1985, do 2 de agosto, de augas.

Capítulo III

Normas de procedemento administrativo

Artigo 27

A Consellería de Ordenación do Territorio e Obras Públicas, a través da Dirección Xeral de Obras Públicas, é o órgano administrativo que, sen prexuízo da atribución de funcións que efectúa esta lei, coordina e lle confire unidade á actuación dos diversos órganos administrativos e entes públicos, co fin de conseguir a máxima eficacia dentro do respecto ós principios ós que se somete a Administración hidráulica, de acordo co artigo 3 desta lei.

Artigo 28

Tódalas autorizacións e concesións relativas a aproveitamentos de augas e, en xeral, ó uso e á ocupación do dominio público hidráulico substanciaranse en cada caso nun expediente único, no que se dictará unha soa resolución. A incoación e tramitación destes expedientes ata a súa resolución corresponderalles ós órganos e entes integrados na Administración hidráulica de Galicia, de acordo co que dispón esta lei.

Artigo 29

1. As mancomunidades, os consorcios e outras entidades semellantes que se constitúan coa finalidade de administra-lo aproveitamento conxunto de augas ou outros bens do dominio público hidráulico dentro do territorio de Galicia terán a consideración de comunidades de usuarios para os efectos da súa intervención pola Administración hidráulica de Galicia.

2. O ente autónomo Augas de Galicia poderá ordena-la agrupación de comunidades de vertidos das diversas persoas ou entidades productoras deles, sexan estes de orixe urbana ou industrial, co fin de facilita-lo seu tratamento conxunto. A resolución do outorgamento das correspondentes autorizacións poderá conte-lo antedito mandato, así como prazo para o seu cumprimento, con apercibimento, se é o caso, de renovación da autorización ou de imposición das multas coercitivas que correspondan.

3. O outorgamento de concesións e a atribución de auxilios económicos por parte da Administración autonómica para abastecemento e saneamento poderán estar condicionados á constitución das entidades a que se refiren os puntos precedentes.

Artigo 30

1. Os entes e organismos públicos titulares de instalacións de depuración de augas residuais

deberán garanti-lo seu correcto funcionamento para conseguilos obxectivos de protección da calidade das augas establecidas nas leis e na planificación aprobada na materia.

2. O ente autónomo Augas de Galicia poderá facerse cargo, por razóns de interese público e con carácter temporal, das instalacións públicas ou privadas de depuración de augas residuais cando non fose procedente ou posible a paralización das actividades que producen o vertido e se derivasen graves inconvenientes del. Nese caso, Augas de Galicia reclamaralle ó titular das instalacións, mesmo por vía do constrinximento:

a) As cantidades necesarias para modificar ou acondiciona-las instalacións nos termos previstos na autorización ou que fagan posible o seu outorgamento.

b) Os gastos de explotación, mantemento e conservación das instalacións.

3. A Xunta de Galicia, no ámbito das súas competencias, poderá ordena-la suspensión das actividades que dean orixe a vertidos non autorizados, sen prexuízo das responsabilidades civil, penal ou administrativas nas que puidesen incorre-los causantes dos mesmos.

Artigo 31

1. En circunstancias de secas extraordinarias, de sobreexplotación grave dos recursos ou en semellantes estados de necesida-

de, urxencia ou concorrencia de situacións anómalas ou excepcionais, a Administración hidráulica de Galicia, oída a Xunta de Goberno do ente autónomo Augas de Galicia, poderá adoptar para a superación das anteditas situacións as medidas que sexan precisas en relación coa utilización do dominio público hidráulico ou coa explotación dos aproveitamentos concedidos sobre el.

2. A aprobación das ditas medidas corresponderalle ó Consello da Xunta de Galicia.

Artigo 32

1. A Administración hidráulica de Galicia sancionará as infraccións administrativas ó réxime xeral do dominio público hidráulico de competencia da Comunidade Autónoma.

2. A sanción das infraccións leves e menos graves correspóndelle ó ente autónomo Augas de Galicia. É competencia do conselleiro de Ordenación do Territorio e Obras Públicas a sanción das infraccións graves e resérvasele ó Consello da Xunta de Galicia a imposición de multas por infraccións moi graves.

3. O Consello da Xunta de Galicia poderá, mediante decreto, proceder á actualización do importe das sancións.

4. Cando a infracción puidese, a xuízo da Administración, ser constitutiva de delicto, o órgano administrativo daralles traslado ás

autoridades xudiciais para a imposición, se é o caso, das sancións penais que correspondan.

Capítulo IV

Canon de saneamento

Artigo 33

1. Créase un canon de saneamento, con carácter de ingreso de dereito público, aplicable no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia.

2. O seu rendemento destinarase integramente ó financiamento de gastos de investimento e de explotación de infraestruturas de evacuación «en alta» e de tratamento de augas residuais, de acordo coa programación aprobada polo Consello da Xunta de Galicia.

3. O ente autónomo Augas de Galicia realizará a xestión do dito canon e aplicarao ás finalidades concretas ás que o mesmo se destina.

4. O ente autónomo Augas de Galicia está obrigado a levar un rexistro separado dos recursos obtidos por este concepto, que poderá ser fiscalizado pola Consellería de Economía e Facenda.

Artigo 34

1. Constitúe o feito imponible do canon de saneamento a produción de vertidos de augas e de produtos residuais realizados directa ou indirectamente. En todo caso,

enténdese realizado o feito imponible polo consumo ou pola utilización potencial ou real da auga de calquera procedencia.

2. Non darán lugar á aplicación do canon de saneamento os usos da auga correspondente a:

a) Subministración en alta a servizos públicos de distribución de auga potable.

b) Alimentación de fontes públicas ou monumentais, bocas de rega e extinción de incendios a cargo de entidades públicas.

c) A utilización de auga para o uso de rega agrícola.

Artigo 35

1. Estará exento do canon de saneamento o consumo ou a utilización da auga para usos domésticos en núcleos nos que a poboación de dereito non supere os cincocentos habitantes. Este límite poderá ser variado anualmente na Lei de presupostos xerais da Comunidade Autónoma.

2. Para os efectos do punto 1 do presente artigo, defínese como «núcleo» o conxunto de, polo menos, dez edificacións formando rúas, prazas ou outras vías urbanas. Inclúiranse no núcleo aquelas edificacións que, estando illadas, disten menos de 200 metros dos límites exteriores do dito conxunto, se ben na determinación da distancia exclúiranse os terreos ocupados por instalacións industriais ou comerciais, parques, xardíns,

zonas deportivas, canles ou ríos que poidan ser cruzados por pontes, aparcamentos e outras infraestructuras de transporte, cemiterios e outros.

3. Recibirán a consideración de usos domésticos da auga, para os efectos do disposto na presente lei, aqueles casos de utilización por empresas industriais dun volume total anual de auga inferior ós 3.000 m³, sempre que as devanditas empresas non ocasionen unha contaminación de carácter especial na súa natureza ou na súa cantidade.⁽¹⁾

Artigo 36

1. O canon devengarase no momento de producirse o vertido ou ben no momento no que se produza o uso ou consumo de auga procedente de entidades subministradoras ou de captacións propias.

2. Para os efectos do previsto nesta lei, teñen a condición de entidades subministradoras de auga as persoas físicas ou xurídicas de calquera natureza que mediante instalacións de titularidade pública ou privada efectúen unha subministración «en baixa» de auga potable.

Artigo 37

1. Son suxeitos pasivos en calidade de contribuíntes as persoas

(1) Reprodúcese a versión orixinaria. O apartado 3 do artigo 35 foi suprimido pola disposición adicional sétima da Lei 6/1994.

físicas ou xurídicas de calquera natureza e demais entidades sen personalidade xurídica ás que se refire o artigo 33 da Lei xeral tributaria que efectúen vertidos ou, se é o caso, utilicen ou consuman auga.

2. Cando o consumo ou a utilización da auga non proveña de captacións propias do suxeito pasivo e se realice a través de entidades que efectúen a subministración «en baixa» de auga potable, estas terán a consideración de suxeitos pasivos substitutos do contribuínte.

Artigo 38

1. Tódalas entidades públicas ou privadas subministradoras de auga que desenvolvan a súa actividade no territorio de Galicia están obrigadas a facturar e recadar dos seus abonados o canon de saneamento. As cantidades percibidas por este concepto seranlle ingresadas ó ente autónomo Augas de Galicia mediante autoliquidación na forma e nos prazos que regulamentariamente se establezan.

2. A Administración liquidará-lle-lo canon directamente ós suxeitos pasivos que sexan titulares de captacións propias de augas superficiais ou subterráneas, ou que sen selo e sen recibir auga dunha entidade subministradora efectúen vertidos contaminantes. Neste caso, na forma, nos prazos e nos supostos que regulamentariamente se determinen, poderá establecerse a obriga de realizar decla-

ración-liquidación do canon a cargo do suxeito pasivo.

Artigo 39

1. A base imponible do canon consiste:

a) En xeral, no volume de auga consumido ou utilizado no período que sexa considerado.

b) Nos casos nos que a Administración, de oficio ou a instancia do suxeito pasivo, opte pola determinación por medida directa ou por estimación obxectiva singular da carga contaminante, a base consistirá na contaminación efectivamente producida ou estimada expresada en unidades de contaminación.

2. Regulamentariamente poderán establecerse métodos de estimación obxectiva singular da base imponible, aplicables nos supostos seguintes:

a) Captacións superficiais ou subterráneas de auga non medidas por contador.

b) Cando a base imponible consista na carga contaminante do vertido e esta non poida ser medida.⁽²⁾

Artigo 40

1. O tipo de gravame que corresponda en cada caso expresarse en pesetas por unidade de volume de

(2) Reprodúcese a versión orixinaria. O artigo 39 foi modificado pola disposición adicional sétima da Lei 6/1994.

auga ou por unidades de contaminación ou magnitude equivalente en función da base impositiva á que se deba aplicar, e establecerase para cada exercicio na Lei de presupostos xerais da Comunidade Autónoma, podendo fixarse valores diversos para usos domésticos e industriais da auga, con indicación neste último caso dos criterios de cualificación duns e doutros.

2. Corresponderalle así mesmo á Lei de presupostos o establecemento de coeficientes de concentración demográfica que afecten ó tipo e sempre en relación cos usos domésticos da auga.

Os ditos coeficientes atenderán a poboación total e o seu grao de dispersión en cada concello.⁽³⁾

Artigo 41

1. A xestión, a liquidación e maila recadación do canon de saneamento efectuaranse conforme o disposto nesta lei e no seu regulamento de desenvolvemento. Supletoriamente, rexe a lexislación xeral tributaria.

2. As infraccións tributarias do canon de saneamento regulado na presente lei serán cualificadas e sancionadas de conformidade co disposto na Lei xeral tributaria.

3. Os efectos de xestión, liquidación e recadación dictados polo

ente autónomo Augas de Galicia en relación co canon de saneamento serán reclamables perante os órganos económico-administrativos da Comunidade Autónoma.⁽⁴⁾

Disposición adicional

1. Créase a Empresa Pública de Obras e Servicios Hidráulicos, como entidade de dereito público da Xunta de Galicia, que ten por obxecto a xestión daquelas obras e a prestación daqueles servicios que pola súa contía ou entidade lle sexan encomendados, dentro do programa de actuacións do ente autónomo Augas de Galicia. A dita entidade ten personalidade xurídica propia e plena capacidade e autonomía para o cumprimento dos seus fins. A súa actividade adecuarase ó ordenamento xurídico privado, sen prexuízo das relacións que resulten da súa adscrición administrativa.

2. O Consello da Xunta de Galicia aprobará o estatuto da devandita empresa e determinará o momento do comezo da súa actividade.

3. O órgano colexiado superior da empresa é o seu Consello de Administración.

O presidente do Consello de Administración, que á súa vez

(3) Reprodúcese a versión orixinaria. O artigo 40 foi modificado pola disposición adicional sétima da Lei 6/1994.

(4) Reprodúcese a versión orixinaria. O artigo 41 foi modificado pola disposición adicional sétima da Lei 6/1994.

exercerá a presidencia da empresa, será nomeado entre os seus membros polo Consello da Xunta de Galicia por proposta do conselleiro de Ordenación do Territorio e Obras Públicas. O presidente ten a representación legal da empresa e exerce as súas funcións directivas e executivas superiores.

Formarán parte do Consello de Administración:

a) O director xeral de Obras Públicas da Consellería de Ordenación do Territorio e Obras Públicas.

b) Tres vocais designados pola Consellería de Ordenación do Territorio e Obras Públicas.

c) Un vocal designado pola Consellería de Economía e Facenda.

d) Ata dous vocais máis en representación doutros departamentos da Administración autonómica.

e) As relacións entre a empresa e o seu persoal rexeranse polas normas do dereito laboral e, se é o caso, do dereito privado que sexan aplicables en relación con cada función e categoría.

Disposición transitoria primeira

1. O persoal funcionario actualmente adscrito ós servizos hidráulicos dependentes da Consellería de Ordenación do Territorio e Obras Públicas poderá integrarse no cadro de persoal do ente públi-

co Augas de Galicia sen alteración na súa situación administrativa.

Esta integración axustarase, en todo caso, ás necesidades de persoal do ente público, segundo a relación de postos de traballo que se aprobe.

O persoal desta clase que non se integre en Augas de Galicia terá opción a presta-los seus servizos noutros órganos da Administración autonómica.

2. O persoal laboral que actualmente preste os seus servizos na Administración hidráulica quedará integrado en Augas de Galicia, conservando os dereitos laborais de todo tipo que teña recoñecidos; a integración axustarase á estrutura do cadro de persoal que no seu momento se aprobe.

3. O persoal interino e o contratado administrativo que á entrada en vigor desta lei prestase os seus servizos na Administración hidráulica da Consellería de Ordenación do Territorio e Obras Públicas poderá así mesmo ser integrado en Augas de Galicia na forma prevista no punto 1 anterior. En todo caso, o dito persoal poderá acceder á condición de funcionario de carreira nos termos establecidos pola Lei da función pública de Galicia, nas mesmas condicións que o que non exercitase a opción de integración.

O persoal desta clase que non se integre continuará prestando os

seus servicios na Consellería de Ordenación do Territorio e Obras Públicas.

4. A integración no cadro de persoal do ente público Augas de Galicia entenderase sen menoscabo dos dereitos adquiridos con anterioridade polo persoal que a exercite.

Disposición transitoria segunda

Mentres non sexan aprobadas as disposicións regulamentarias relativas á composición dos órganos colexiados do ente autónomo Augas de Galicia nin constituídos efectivamente os devanditos órganos, os actos da Administración hidráulica de Galicia que, segundo a presente lei requiren a intervención daqueles, poderán adoptarse polo órgano competente en cada caso, debendo contarse coa autorización do conselleiro de Ordenación do Territorio e Obras Públicas cando a resolución lle corresponda a un órgano dependente ou adscrito á citada Consellería.

En ningún caso a constitución de tales órganos debe ser superior ó ano desde a entrada en vigor desta lei.

Disposición transitoria terceira

Ata que non sexan aprobados os instrumentos de planificación hidrolóxica das concas hidrográficas comprendidas integramente no territorio de Galicia, as concesións de aproveitamento de bens de dominio público hidráulico outorgadas o órgano competente logo de valoración da solicitude, considerando os recursos dispoñibles na

área afectada por aquela e a súa adecuación ás necesidades efectivas do petionario, de acordo coa orde de preferencia que establecen os artigos 58.3 e 58.4 da Lei estatal de augas.

Disposición derradeira primeira

O organismo autónomo Augas de Galicia someterá o seu réxime económico, financeiro e presupostario á Lei 11/1992, do 7 de outubro, de réxime financeiro e presupostario de Galicia, ás leis de presupostos da Comunidade Autónoma e á demais normativa aplicable.

Augas de Galicia gozará do mesmo tratamento fiscal que a Comunidade Autónoma por ser Administración institucional desta.

Disposición derradeira segunda

Autorízase o Consello da Xunta de Galicia para que dicte as disposicións regulamentarias que sexan precisas para o cumprimento desta lei.

Disposición derradeira terceira

A través da Lei de presupostos da Comunidade Autónoma poderán establecerse as modificacións oportunas en canto á regulación legal do canon de saneamento establecido na presente lei.

Santiago de Compostela, 23 de xuño de 1993

Manuel Fraga Iribarne
Presidente